

Martes, 19 de decembro de 2017

Núm. 241

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
COVELO

Contratos administrativos

LICITACIÓN OBRA EXPEDIENTE 376/2017

ANUNCIO

De conformidade co acordo Plenario de data 5 de decembro de 2017, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento Aberto, mediante tramitación urxente, para a adxudicación de PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS E MUROS NO TERMO MUNICIPAL (por lotes), conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adjudicadora:

- a) Organismo: Concello de Covelo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Dependencia: Secretaría.
 - 2) Domicilio: Praza Mestre Cerviño, 2.
 - 3) Localidade e código postal: Covelo, 36872.
 - 4) Teléfono: 986 650 027.
 - 5) Telefax: 986 650 131.
 - 6) Correo electrónico. secretaria@fegamp.gal
 - 7) Dirección de Internet do perfil do contratante: <http://covelo.sedelectronica.es/contractor-profile-list>
- d) Número de expediente: 376/2017.

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo: Contrato de Obras por Procedemento Aberto e tramitación urxente.
- b) Descrición. PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS E MUROS NO TERMO MUNICIPAL (por lotes).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:38KGQR6X2GC7CR



Martes, 19 de decembro de 2017

Núm. 241

c) División por lotes e número de lotes:

- Lote 1: Pavimentación de Camiños e muros en Barciademera, Casteláns, Maceira, Godóns, Piñeiro e San Salvador de Prado (Covelo).
- Lote 2: Pavimentación de Vías Municipais e muros en Casteláns, Maceira e Barciademera.

d) Lugar de execución-entrega: Covelo (Pontevedra).

e) Prazo de execución: cada un dos dous lotes, tres meses.

f) Admisión de prórroga: non se admite.

g) CPV: 45233200-1.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: Procedemento Aberto.

b) Procedemento: Urgente.

c) Criterios de adxudicación:

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación que se puntuarán en orde decrecente:

- Prezo
- Ampliación do prazo de garantía
- Melloras

A ponderación realizarase atendendo ás seguintes regras:

A) Con respecto á mellor contía da baixa ofertada, aplicarase un valor de 10 puntos á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor polo procedemento de regra de tres.

B) Aplicarase un valor máximo de puntos polo compromiso de execución de melloras de acordo coas puntuacións e propostas que formula este prego de cláusulas administrativas particulares no seu Anexo II. (6 puntos)

C) Con respecto á ampliación do prazo de garantía, aplicarase un valor de 2 puntos respectivamente á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres.

A puntuación máxima a obter será de 18 puntos.

No caso de que se produza un empate resolverase en favor daquela oferta que dea lugar a unha maior baixa económica e, de persistir, mediante sorteo público.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:38KGQRP6X2GC7CR



Martes, 19 de decembro de 2017

Núm. 241

4. Valor estimado do contrato:

184.893,58 € (sen IVE).

5. Orzamento base de licitación

O presuposto base de licitación ten un importe de 184.893,58 € (mais 38.827,65 € de IVE), distribuído nos seguintes lotes:

- Lote 1: PAVIMENTACIÓN DE CAMINOS Y MUROS EN BARCIADEMERA, CASTELÁNS, MACEIRA, GODÓNS, PIÑEIRO Y SAN SALVADOR DE PRADO (COVELO) , cun orzamento total que ascende a 93.422,93 € e 19.618,81€ de IVE, orzamento total 113.041,74 €.
- Lote 2: PAVIMENTACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS Y MUROS EN CASTELÁNS, MACEIRA Y BARCIADEMERA (COVELO) cun orzamento total que ascende a 91.470,65 € e 19.208,84€ de IVE, orzamento total 110.679,49 €

6. Garantías esixidas:*Provisional:* Non se esixe*Definitiva:* 5% do importe de adxudicación do contrato (sen IVE)**7. Requisitos específicos do contratista:**

a) Clasificación (grupo, subgrupo e categoría): non se esixe, se prexuízo do disposto na Cláusula 20.10º do Prego.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional

— *Solvencia financeira:*

Volume anual de negocios relacionado co obxecto do contrato por importe igual ou superior ao da presente licitación.

— *Solvencia técnica e profesional:*

A solvencia técnica e profesional acreditarase polos seguintes medios:

Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Deberá acreditarse de forma inexcusable a realización de tres obras de obxecto similar á que se licita e cun orzamento igual ou superior ao licitado (coa suma de todos os lotes).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:38KGQRP6X2G67CR



Martes, 19 de decembro de 2017

Núm. 241

c) Outros requisitos específicos: Seguro de Responsabilidade Civil por una contía mínima de 300.000 €.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: TRECE días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP de Pontevedra

b) Modalidade de presentación: as descritas na Cláusula 12 do Prego.

c) Lugar de presentación: Rexistro do Concello de Covelo, sito na Praza do Mestre Cerviño 2 de Covelo, CP. 36872 (de 9:00 a 14:00 h.)

d) Dirección electrónica: <http://covelosedelectronica.es>

e) Admisión de variantes: non procede.

9. Apertura de ofertas:

Celebrarase acto público de apertura das proposicións económicas, constituíndose a estes efectos a mesa que se anunciará mediante anuncio publicado no Perfil de Contratante.

A Mesa de Contratación realizará proposta de adxudicación ao órgano de contratación da oferta mais vantaxosa non incurso en temeridade.

10. Gastos de Publicidade:

Os descritos na clausula 25 do Prego.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:38KGQRP6X2G67CR

